

G04259919

01/2022



NÚMERO NOVECIENTOS SESENTA E UN. -----

ESCRITURA DE ELEVACIÓN A PÚBLICO DO ACORDO DE

REFORMA DE ESTATUTOS

En PADRÓN, a miña residencia, dezaoto de xullo de dous mil vintedous. -----

Ante mí, **CRISTINA MOSQUERA CRIADO**, notaria del Ilustre Colegio de Galicia. -----

==== C O M P A R E C E ====

Don ANXO XOSÉ ANGUEIRA VITURRO, maior de idade, divorciado, profesor, veciño de Dodro (A Coruña), con domicilio no lugar de Manselle, número 80, con Documento Nacional de Identidade y Número de Identificación Fiscal 76515135-T. -----

==== I N T E R V É N ====

En nome e representación da "FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO", con NIF G15040850 e domicilio no lugar da Matanza, parroquia de Santa María de Illa Flavia, concello de Padrón (A Coruña). Foi constituída por Transformación do "Padronato Rosalía de Castro" en escritura outorgada ante o que foi notario de



Santiago de Compostela, don José Antonio Montero Pardo, o 24 de decembro de 1996, número 2325 de protocolo. Por Orde da Consellería de Cultura e Comunicación Social de 20 de febreiro de 1997, publicada no Diario Oficial de Galicia número 47, do 10 de marzo de 1997, foi declarada de interese galego, ordenada a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección de Fundacións da Consellería de Cultura e Comunicación Social, e aprobados os seus estatutos, e inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Cultura, Educación e Universidade co número 1997/1. -----

Os estatutos foron modificados por acordo do Padroado de 24 de novembro de 2016, elevado a público, con incorporación dos novos estatutos polos que se rexe, en escritura autorizada polo que foi notario desta residencia, don Nelson Rodicio Rodicio, o 27 de xaneiro de 2017, número 65 de protocolo. -----

De duración indefinida, os seus fins, conforme ao artigo 6 dos estatutos, son os seguinte: "1.- Fomentar o coñecemento actualizado e a conservación da memoria de Rosalía de Castro, do seu esposo Manuel



G04259920

01/2022



Martínez Murguía e dos seus fillos. --- 2.- Promover o estudo, edición e divulgación da súa vida e obra, da Galicia do seu tempo e da súa influencia posterior. --- 3.- Fomentar e difundir a lingua e a cultura galega."-----

Tiven á vista copia autorizada das referidas escrituras.-----

Exerce a súa representación na súa condición de Presidente do Padroado, cargo para o que foi nomeado, por prazo de catro anos conforme o previsto no artigo 17 dos estatutos, aceptando, en reunión celebrada o pasado 17 de decembro de 2020, que foi elevado a público en escritura autorizada por mín o 9 de xuño de 2021, número 508 de protocolo.-----

Manifesta que non se alterou a capacidade legal da sociedade que representa e que non mudaron os datos de identificación e, en especial, os fins sociais, con respecto aos antes mencionados e me asevera a vixencia do seu cargo e facultades representativas que son, ao meu xuízo, suficientes



para a elevación a público obxecto deste acto. ----

Eu, a notaria, fago constar expresamente que cumprín coa obrigaición de identificación do titular real que impón a Lei 10/2010, do 28 de abril, cuxo resultado consta en Acta autorizada por mín o día de hoxe, número anterior a éste de protocolo, da que tiven á vista copia autorizada, manifestando a representante que non se modificou o contido da mesma. Consultei ademais a Base de Datos de Titular Real (BDTR), resultando unha discrepancia no resultado obtido coa titularidade real que resulta da súa manifestación, procedendo, eu, a notaria, en base a iso, a rectificar a Base de Datos de Titular Real no sentido indicado.-----

Fago constar así mesmo que, con carácter previo á autorización desta escritura, consultei a través do Sistema Integrado de Xestión do Notariado (SIGNO) a lista de Números de Identificación Fiscal revogados pola Administración Tributaria, sen obter ningunha coincidencia en relación coa entidade otorgante. -----

Asegúrome da súa identidade polo seu documento de identidade, antes apuntado, que me exhibe.

Constan as súas circunstancias persoais polas súas



01/2022



G04259921

manifestacións. Ten, ao meu xuízo, no concepto en que intervén, capacidade legal e lexitimación para outorgar a presente escritura de ELEVACIÓN A PÚBLICO DO ACORDO DE ELECCIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN EXECUTIVA e, para o efecto: -----

=== O U T O R G A ===

Que, segundo intervén, **eleva a público o acordo de reforma dos artigos números 6, 10, 17, 19 e 21 dos Estatutos da "FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO", adoptado polo Padroado en reunión celebrada o pasado 15 de marzo de 2022, nos termos que resultan de certificación firmada polo Secretario, co Visto e Prace do comparecente como Presidente, que me entrega e que incorporo a esta matriz, lexitimando as firmas por seren postas ante min. Do referido certificado resulta asimesmo a vixencia dos cargos de Presidente e Secretario do Padroado.** -----

=== OUTORGAMENTO E AUTORIZACIÓN ===

Fago as RESERVAS E ADVERTENCIAS LEGAIS. Respecto á protección de datos de carácter persoal, de



conformidade co previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase de que os datos persoais dos intervenientes serán tratados polo notario autorizante, cuxos datos de contacto resultan do outorgamento do presente documento. Si se facilitan datos de persoas distintas dos intervenientes, estes deberán informalas previamente do contido deste parágrafo. A finalidade do tratamento é realizar as funcións propias da actividade notarial e a facturación e xestión de clientes, para o que se conservarán durante os prazos previstos na normativa aplicable e, en calquera caso, mentres se manteña a relación co interesado. A base do tratamento é o desempeño das funcións públicas notariais, o que obriga a que os datos sexan facilitados ao notario e impediría a súa intervención en caso contrario. Realizaranse as comunicacións previstas na Lei ás Administracións Públicas e, no seu caso, ao notario que suceda ao actual na praza. Os intervenientes teñen dereito a solicitar o acceso aos seus datos



01/2022



G04259922

persoais, a súa rectificación, a súa supresión, á súa portabilidade e á limitación do seu tratamento, así como a opoñerse a leste. Fronte a calquera eventual vulneración de dereitos, pode presentarse unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos. A identidade do Delegado de Protección de Datos designado está publicada en Notaría. Leo pola súa opción, integramente e en voz alta esta escritura ao comparecente, a quen advirto do dereito que ten a lela por si, manifesta quedar debidamente informado do contido e prestar o seu libre consentimento, e firma, comigo, a notaria. E de que o consentimento foi libremente prestado, de que o outorgamento se adecúa á legalidade e á vontade debidamente informada do outorgante, e, en xeral, de todo o contido neste instrumento público, estendido en catro folios de papel timbrado de uso exclusivamente notarial, o presente, e os tres anteriores correlativos en orde, da mesma serie, eu a notaria, Dou fe. -----



ARANCEL NOTARIAL. DEREITOS DEVENGADOS. Números aplicados: 1, 4, 5, 6, 7 e nº 8ª.
DOCUMENTO SEN CUANTÍA. TOTAL: 93'77 € (Impostos incluídos)

Está a firma e a rúbrica do comparecente.

Signado. CRISTINA MOSQUERA CRIADO. Rubricado e selado. -----

DOCUMENTOS UNIDOS: -----



01/2022



G04259923

D. X. Carlos Beiró Piñeiro, con DNI número 33.248.633 V, como Secretario da Fundación Rosalía de Castro, con domicilio social na Casa Museo Rosalía de Castro, situada no lugar da Matanza do concello de Padrón, e co NIF G - 15040850, inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, co número 1997/1.

CERTIFICA:

Que o pasado 15 de marzo de 2022 reuniuse o Padroado desta fundación segundo o establecido na convocatoria previa, realizada de acordo co manifestado no artigo 23 dos seus estatutos, é dicir notificouse aos seus membros por procedementos informáticos ou postais cunha antelación de máis de cinco días á data de celebración, e nela fíxose constar o lugar, día e hora da celebración da reunión e a orde dos temas a tratar.

Este reunión constituíse segundo o disposto tanto no artigo 24 dos Estatutos que manifesta que «as reunións do Padroado entenderanse validamente constituídas cando estean presentes ou representados, polo menos, a metade máis un dos seus membros», como no establecido no artigo 17 do Decreto 14/2009 do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacións de interese galego, que especifica que: «as reunións do padroado entenderanse validamente constituídas cando concorran a elas, presentes o representados, na forma legalmente establecida, polo menos, a metade máis un dos seus membros».

Esta reunión do Plenario celebrouse, entre outros motivos, co fin de reformar os artigos dos estatutos da Fundación, referentes a:

En primeiro lugar, modificar as datas de realización das actividades descritas no artigo 6. fins e actividades fundacionais, que quedaría redactado da seguinte maneira:

TÍTULO SEGUNDO

OBXECTO DA FUNDACIÓN

Artigo 6. Fins e actividades fundacionais



Os fins da "Fundación Rosalía de Castro" son os seguintes:

1. Fomentar o coñecemento actualizado e a conservación da memoria de Rosalía de Castro, do seu esposo Manuel Martínez Murguía e dos seus fillos.
2. Promover o estudo, edición e divulgación da súa vida e obra, da Galicia do seu tempo e da súa influencia posterior.
3. Fomentar e difundir a lingua e a cultura galega.

Para a consecución dos fins mencionados a fundación realizará as seguintes actividades:

1. Celebrar actos públicos, cando menos, nas datas conmemorativas de Rosalía: 23 de febreiro, 17 de maio e 15 de xullo.
2. Conservar a casa onde viviu e morreu Rosalía de Castro, a súa horta e xardín e os demais edificios que compoñen o conxunto da Casa-Museo, situada na Matanza, concello de Padrón e provincia da Coruña.
3. Conservar e ampliar o conxunto dos mobles, pertenzas e recordos persoais de Rosalía; conservar e ampliar a biblioteca, mobiliario, ofrendas e demais obxectos relacionados con Rosalía, así como dispoñelos da mellor maneira para que poidan ser contemplados e estudados por todas aquelas persons que o desexaren.
4. Coidar do Mausoleo de Rosalía situado na Igrexa de San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela, así como da campa que acubillou antes o seu corpo no cemiterio de Adina, en Iria Flavia (Padrón, A Coruña).

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, ao xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan máis adecuados ou convenientes en cada momento.

En segundo lugar reformar a redacción do artigo 10. Composición do Padroado, que quedaría redactada así:

Artigo 10. Composición do Padroado.

O Padroado estará composto, con carácter permanente, por un máximo de trinta membros. Serán membros do Padroado:

A) Un Patrón ou Patroa das seguintes institucións:

1. A Xunta de Galicia, representada polo conselleiro competente en materia de Cultura.
2. O presidente do Consello da Cultura Galega.
3. O presidente da Real Academia Galega.
4. O director do Museo do Pobo Galego.
5. O director do Museo de Pontevedra.
6. O director do Seminario de Estudos.
7. O presidente da Deputación Provincial da Coruña.
8. O alcalde do Concello de Padrón.
9. O alcalde do Concello de Santiago de Compostela.



01/2022



G04259924

10. O reitor da Universidade de Santiago de Compostela.
11. O reitor da Universidade da Coruña ou persoa.
12. O reitor da Universidade de Vigo.

B) Un máximo de 18 persoas naturais de Galicia ou vinculadas a ela que se teñan distinguido pola súa actividade literaria, artística, investigadora, humanística de mecenado ou de especial vinculación á persoa e obra de Rosalía de Castro e ao labor desenvolto pola Fundación.

C) O Padroado poderá nomear membros de honra a persoas físicas ou xurídicas, en virtude de acordo adoptado por maioría absoluta dos seus membros, que presten á Fundación servizos relevantes ou que contribuísen ou contribúan de maneira destacada coa súa actividade á consecución dos obxectivos fundacionais. A Fundación Rosalía de Castro reconeceu historicamente como membros de honra ao Arcebispado de Santiago, ao Centro Galego de Buenos Aires, á Unión de Sociedades Galegas en Cuba, á Unión de Sociedades Galegas en Uruguai, ao Centro Galego de Madrid e ao Presidente da Real Academia Galega.

En terceiro lugar incluír dentro das competencias do Presidente da Fundación as relacionadas coas materias procedentes do Departamento de Laboral e de Recursos Humanos. Polo que o artigo 17 redactaríase do seguinte xeito:

Artigo 17. O Presidente ou Presidenta

O Padroado elixirá un Presidente ou Presidenta entre os seus membros. Correspóndelle propoñer o plan de actividades, acordar a convocatoria das reunións do Padroado, presidilas, ordenar ao Tesoureiro a realización de cobros e ingresos, dirixir os seus debates e, no seu caso, executar os acordos, estando facultado para realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios a tal fin. Ao presidente correspóndelle exercer a representación da fundación ante toda clase de persoas, autoridade e entidade públicas e privadas. Tamén dependerá do Presidente/a o Departamento de Laboral e de Recursos Humanos.

Terá un mandato de catro anos podendo ser reelixido. Producido a vacante no cargo, ocupará o seu lugar o Vicepresidente/a.

No prazo máximo dun mes, os aspirantes á Presidencia presentarán na Secretaría as candidaturas cos nomes das persoas que constituirán a Comisión Executiva e os seus programas de goberno, comunicación que recibirán os Patróns/oas canda a convocatoria do Plenario que debe efectuar a elección. Esta non tardará en se celebrar máis de dous meses unha vez producida a vacante.

O Presidente/a terá voto de calidade para dirimir os empates que puidesen producirse nas votacións que se realicen no Plenario e na Comisión Executiva.

En cuarto lugar, emendar as atribucións do Secretario da Fundación, desistindo das facultades exercidas sobre o persoal existente na Fundación, e trasladar a competencia do Departamento de Laboral e de Recursos Humanos ao Presidente. Polo que o artigo 19 quedaría redactado da seguinte maneira:



Artigo 19. O Secretario ou Secretaria

O Padroado elixirá entre os seus membros un Secretario ou Secretaria a proposta do Presidente/a. Son funcións do Secretario/a convocar as reunións do Padroado, acordadas pola presidencia e realizar as correspondentes citacións aos membros, custodiar a documentación pertencente á Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado e da Comisión Executiva e transcribilas no libro de actas, expedir as certificacións e informes que sexan necesarios en relación cos acordos adoptados polo Padroado, e co visto e prace do presidente/a en relación cos acordos adoptados polo Padroado, asistir ás reunións do Padroado, con voz e voto se forma parte del ou só con voz en caso contrario, e realizar todas aquelas cousas que expresamente deleguen nel.

No caso de estar vacante ou por ausencia ou por enfermidade, exercerá estas funcións de Secretario o vogal de menor idade do Padroado ou, se é o caso, da Comisión Executiva.

A duración do cargo de Secretario/a será de catro anos podendo ser reelixido.

En quinto lugar, modificar a composición da Comisión Executiva que incrementaría o número de vogais do actual a contar con tres. Polo que o artigo 21 quedaría redactado da seguinte forma:

Artigo 21. A Comisión Executiva

No seo do padroado existirá un órgano colexiado que se chamará «Comisión Executiva». É o órgano executivo ordinario da Fundación, que poderá adoptar acordos por razón de urxencia, dos que deberá dar conta ao Padroado, coas limitacións que para determinadas delegacións se conteñen no artigo 18 da Lei 12/2006, e asumir as delegacións que o Padroado lle encomende.

A Comisión Executiva estará formada por: O Presidente ou Presidenta do Padroado, o Vicepresidente ou Vicepresidenta do Padroado, o Secretario ou Secretaria do Padroado, o Tesoureiro ou Tesoureira do Padroado e tres vogais, elixidos polo Padroado, a proposta do Presidente ou Presidenta.

O cesamento de calquera membro da Comisión Executiva producirase nos supostos de morte ou declaración de falecemento, renuncia comunicada coas debidas formalidades, por decisión do Padroado, polo transcurso do período de mandato ou por incumprimento das súas funcións.

A Comisión Executiva reunirse tantas veces como sexa preciso para o adecuado desenvolvemento da Fundación, facéndoo, cando menos, cada tres meses. A convocatoria farase por orde do Presidente ou Presidenta ou por solicitude razoada da metade dos seus membros. Notificarase cun prazo mínimo de cinco días naturais antes da xuntanza. Na mesma farase constar o lugar, día e hora da celebración da reunión e irá acompañada da orde do día.

Non será preciso convocatoria previa cando se encontren presentes todos os membros da



01/2022



G04259925

Comisión Executiva e acorden por unanimidade a celebración da reunión.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos seus membros. No caso de empate, o voto do Presidente ou Presidenta será dirimente. O Secretario ou Secretaria levantará acta das xuntanzas da Comisión Executiva, que levará o visto e prace do Presidente ou Presidenta e constará no Libro de Actas. A duración do mandato dos membros da Comisión Executiva será de catro anos podendo ser reelixidos.

No suposto de que se produza unha vacante na Comisión Executiva por razóns distintas ao cumprimento do mandato para o que se foi elixido, corresponderá ao Presidente ou Presidenta nomear a persoa substituta, decisión que deberá ser referendada polo Plenario. Son funcións da Comisión Executiva a conservación dos fondos artísticos e documentais e a súa exposición de acordo coas normas técnicas e museísticas máis axeitadas, así como a preparación dos libros, catálogos, guías e demais documentos relacionados cos fondos da Casa-Museo.

Estas reformas de parte do articulado dos estatutos da Fundación Rosalía de Castro foron aprobadas polos membros, presentes e representados, por unanimidade do plenario do día mencionado ao principio deste escrito.

Ademais, a Comisión Executiva está composta actualmente polos seguintes membros:

Presidente:	Anxo Angueira Viturro
Vicepresidenta:	Ana Blanco Gómez
Secretario:	Xosé Carlos Beiró Piñeiro
Tesoureiro:	Xosé García Lapidó
Vogais:	Xosé Luís Axeitos Agrelo
	María López Sández
	María Xesús Pato Díaz

Por ultimo os presentes autorizaron ao presidente da Fundación, Don Anxo Angueira Viturro, para que outorgase escritura pública sobre o acordo de modificación dos Estatutos e que levase a cabo ante o Protectorado e o Rexistro de Fundacións as xestións necesarias para que as citadas modificacións sexan inscritas no mencionado Rexistro de Fundacións.

E, para que conste, para os efectos da presentación no Protectorado de Fundacións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Asino en Padrón, 11 de xullo de 2022

O Secretario

Visto e prace

O Presidente

Anxo Angueira Viturro



---oOo---

É COPIA literal da súa matriz, coa que concorda e na que queda anotada. E, a instancia da "**FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO**", expídoa en sete folios de papel exclusivo para documentos notariais da serie GO, números 4259919 e os seis seguintes en orde correlativa. PADRÓN ao seguinte día da súa autorización. DOU FE.-----



REXISTRO DE FUNDACIÓNS DE INTERESE GALEGO

Sección correspondente á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades:

Dilixencia: Nesta data procédese á inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da modificación dos estatutos da FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO, inscrita neste Rexistro co número 1997/1.

A presente escritura foi rectificada por unha posterior ante a mesma notaria.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022

O xefe de Sección de Fundacións

Juan Carlos Noya Paredes



03/2022



GT4283296

CRISTINA MOSQUERA CRIADO

NOTARIA

Avda. Compostela, 39 - Entlo. 5

15900 - PADRÓN (A Coruña) notariapadron@notin.net

☎ 981 810 155 📠 981 812 076

NÚMERO MIL TRESCIENTOS UN. -----

ESCRITURA DE COMPLEMENTOEn PADRÓN, vinte e oito de outubro de dous mil
vintedous. -----Ante min, **CRISTINA MOSQUERA CRIADO**, notaria do
Ilustre Colexio de Galicia. -----==== COMPARECE ====

Don ANXO XOSÉ ANGUEIRA VITURRO, maior de idade,
divorciado, profesor, veciño de Dodro (A Coruña),
con domicilio no lugar de Manselle, número 80, con
Documento Nacional de Identidade y Número de
Identificación Fiscal 76515135-T. -----

==== INTERVÉN ====

En nome e representación da "**FUNDACIÓN ROSALÍA
DE CASTRO**", con NIF G15040850 e domicilio no lugar
da Matanza, parroquia de Santa María de Iria Flavia,
concello de Padrón (A Coruña). Foi constituída por
Transformación do "Padronato Rosalía de Castro" en
escritura outorgada ante o que foi notario de
Santiago de Compostela, don José Antonio Montero



Pardo, o 24 de decembro de 1996, número 2325 de protocolo. Por Orde da Consellería de Cultura e Comunicación Social de 20 de febreiro de 1997, publicada no Diario Oficial de Galicia número 47, do 10 de marzo de 1997, foi declarada de interese galego, ordenada a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección de Fundacións da Consellería de Cultura e Comunicación Social, e aprobados os seus estatutos, e inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Cultura, Educación e Universidade co número 1997/1. -----

Os estatutos foron modificados por acordo do Padroado de 24 de novembro de 2016, elevado a público, con incorporación dos novos estatutos polos que se rexe, en escritura autorizada polo que foi notario desta residencia, don Nelson Rodicio Rodicio, o 27 de xaneiro de 2017, número 65 de protocolo. -----

De duración indefinida, os seus fins, conforme ao artigo 6 dos estatutos, son os seguinte: "1.- Fomentar o coñecemento actualizado e a conservación da memoria de Rosalía de Castro, do seu esposo Manuel Martínez Murguía e dos seus fillos. --- 2.- Promover



03/2022



GT4283099

o estudo, edición e divulgación da súa vida e obra, da Galicia do seu tempo e da súa influencia posterior. --- 3.- Fomentar e difundir a lingua e a cultura galega."-----

Tiven á vista copia autorizada das referidas escrituras.-----

Exerce a súa representación na súa condición de Presidente do Padroado, cargo para o que foi nomeado, por prazo de catro anos conforme o previsto no artigo 17 dos estatutos, aceptando, en reunión celebrada o pasado 17 de decembro de 2020, que foi elevado a público en escritura autorizada por mín o 9 de xuño de 2021, número 508 de protocolo.-----

Manifesta que non se alterou a capacidade legal da sociedade que representa e que non mudaron os datos de identificación e, en especial, os fins sociais, con respecto aos antes mencionados e me asevera a vixencia do seu cargo e facultades representativas que son, ao meu xuízo, suficientes para a o complemento obxecto deste acto.-----



Eu, a notaria, fago constar expresamente que cumprín coa obrigación de identificación do titular real que impón a Lei 10/2010, do 28 de abril, cuxo resultado consta en Acta autorizada por mín o 18 de xullo de 2022, número 960 de protocolo, da que tiven á vista copia autorizada, manifestando o representante que non se modificou o contido da mesma, e habendo eu consultado ademais a Base de Datos de Titular Real (BDTR), con resultados coincidentes, manifestando o representante que segue vixente a información que consta na referida acta e na Base de Datos como manifestada.-----

Fago constar así mesmo que, con carácter previo á autorización desta escritura, consultei a través do Sistema Integrado de Xestión do Notariado (SIGNO) a lista de Números de Identificación Fiscal revogados pola Administración Tributaria, sen obter ningunha coincidencia en relación coa entidade outorgante. -----

Asegúrome da súa identidade polo seu documento de identidade, antes apuntado, que me exhibe. Constan as súas circunstancias persoais polas súas manifestacións. Ten, ao meu xuízo, no concepto en que intervén, capacidade e lexitimación para



03/2022



GT4283100

outorgar a presente escritura de COMPLEMENTO e, para o efecto: -----

=== E X P Ó N ===

I.- Que en escritura autorizada por min o 18 de xullo de 2022, número 961 de protocolo, elevouse a público o acordo adoptado polo Padroado en reunión do pasado 15 de marzo, de reforma dos artigos números 6, 10, 17, 19 e 21 dos estatutos, nos termos resultantes da certificación que quedou incorporada á devandita escritura. -----

II.- Que presentada dita escritura para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, foi requerida nova documentación polo Servicio Técnico-Xurídico da Área de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e para cumplimentalo requirimento, deuse nova redacción á totalidade dos estatutos da Fundación, recollendo as modificacións referidas. -----

Exposto canto antecede, -----



=== O U T O R G A ===

Que, segundo intervén, **complementa** a referida escritura autorizada por min o 18 de xullo de 2022, número 961 de protocolo, entregándome un certificado firmado polo Secretario, co Visto e Prace do comparecente como Presidente, con data 27 de outubro de 2022, xunto con copia do texto consolidado dos estatutos da Fundación.-----

Do certificado entregado resulta a conveniencia da reforma dos artigos acordada polo Padroado e obxecto de elevación a público na escritura complementada así como a vixencia dos cargos de Presidente e Secretario do Padroado.-----

Incorporo a esta matriz o devandito certificado e os estatutos adxuntos, lexitimando a firma do Secretario, don Xosé Carlos Beiró Piñeiro, por ser similar a outra posta na miña presenza e notarialmente lexitimada, que tiveren á vista, e a de don Anxo Angueira Viturro por ser posta ante min.-

=== OUTORGAMENTO E AUTORIZACIÓN ===

Fago as RESERVAS E ADVERTENCIAS LEGAIS. Respecto á protección de datos de carácter persoal, de conformidade co previsto no Regulamento (UE)

2016/679 do Parlamento europeo e do Consello do 27



03/2022



GT4283101

de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase de que os datos persoais dos intervinientes serán tratados polo notario autorizante, cuxos datos de contacto resultan do outorgamento do presente documento. Si se facilitan datos de persoas distintas dos intervinientes, estes deberán informalas previamente do contido deste parágrafo. A finalidade do tratamento é realizar as funcións propias da actividade notarial e a facturación e xestión de clientes, para o que se conservarán durante os prazos previstos na normativa aplicable e, en calquera caso, mentres se manteña a relación co interesado. A base do tratamento é o desempeño das funcións públicas notariais, o que obriga a que os datos sexan facilitados ao notario e impediría a súa intervención en caso contrario. Realizaranse as comunicacións previstas na Lei ás Administracións Públicas e, no seu caso, ao notario



que suceda ao actual na praza. Os intervinientes teñen dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais, a súa rectificación, a súa supresión, á súa portabilidade e á limitación do seu tratamento, así como a opoñerse a leste. Fronte a calquera eventual vulneración de dereitos, pode presentarse unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos. A identidade do Delegado de Protección de Datos designado está publicada en Notaría. Leo pola súa opción, integramente e en voz alta esta escritura ao comparecente, a quen advirto do dereito que ten a lela por si, manifesta quedar debidamente informado do contido e prestar o seu libre consentimento, e firma, comigo, a notaria. E de que o consentimento foi libremente prestado, de que o outorgamento se adecúa á legalidade e á vontade debidamente informada do outorgante, e, en xeral, de todo o contido neste instrumento público, estendido en catro folios de papel timbrado de uso exclusivamente notarial, o presente, e os tres anteriores correlativos en orde, da mesma serie, eu a notaria, Dou fe.-----

ARANCEL NOTARIAL. DEREITOS DEVENGADOS. Números aplicados: 1, 4, 5, 6, 7 e nº 8ª.
DOCUMENTO SEN CUANTÍA. TOTAL: ~~20,000~~ € (Impostos incluídos)

Está a firma e a rúbrica do comparecente.



03/2022



GT4283102

Signado. CRISTINA MOSQUERA CRIADO. Rubricado e selado. -----

NOTA: O mesmo día poño na matriz complementada a nota correspondente. Dou fe.- C. Mosquera, rubricado. -----

DOCUMENTOS UNIDOS: -----

Multiple horizontal dashed lines for document listing.



Xosé Carlos Beiró Piñeiro, con DNI número 33.248.633 V, como Secretario da Fundación Rosalía de Castro, con domicilio social na Casa Museo Rosalía de Castro, situada no lugar da Matanza do concello de Padrón, e co NIF G - 15040850, inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, co número 1997/1.

CERTIFICA:

Que o pasado 15 de marzo de 2022 reuniuse o Padroado desta fundación segundo o establecido na convocatoria previa, realizada de acordo co manifestado no artigo 23 dos seus estatutos, entre outros motivos, por ser conveniente reformar os artigos 6, 10, 17, 19 e 21 dos estatutos, aos que se deu nova redacción.

Que o devandito acordo foi elevado a público en escritura autorizada pola notaria de Padrón, dona Cristina Mosquera Criado, o 18 de xullo de 2022, número 961 de protocolo, á que se incorporou certificado do acordo, coa nova redacción dos artigos modificados.


Que presentada dita escritura para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, foi requerida nova documentación polo Servizo Técnico-Xurídico da Área de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, polo que se deu nova redacción á totalidade dos estatutos da Fundación, recollendo as modificacións referidas. Se adxunta ao presente certificado o texto consolidado dos estatutos da Fundación.


Que a Comisión Executiva está composta actualmente polos seguintes membros:

Presidente:	Anxo Angueira Viturro
Vicepresidenta:	Ana Blanco Gómez
Secretario:	Xosé Carlos Beiró Piñeiro
Tesoureiro:	Xosé García Lapidó
Vogais:	Xosé Luís Axeitos Agrelo María López Sández María Xesús Pato Díaz

E, para que conste, para os efectos da presentación no Protectorado de Fundacións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Asino en Padrón, 27 de outubro de 2022


O Secretario

Visto e praxe
O Presidente
Anxo Angueira Viturro




03/2022



GT4283103

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Título primeiro

Disposicións xerais

Artigo 1. Denominación e Natureza

A Fundación Rosalía de Castro, constituída ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución Española e de acordo coa normativa ditada pola Comunidade Autónoma de Galicia en exercicio da competencia atribuída polo artigo 27.26, configúrase como unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, na que o seu patrimonio se encontra afectado de xeito duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Artigo 2. Personalidade e capacidade

A Fundación, inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo en consecuencia realizar todos os actos que lle sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3. Réxime

A Fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida. A Fundación rexerese pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego; polos Decretos 14 e 15/2009, do 21 de xaneiro, polos que se aproban respectivamente os Regulamentos de Fundacións de Interese Galego e do Rexistro de Fundacións de Interese Galego; pola vontade dos fundadores, polos presentes estatutos e polas normas e disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o Padroado.

Tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións, pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado e polo Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do Réxime Fiscal das Entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, así como polas outras normativas que sexan de aplicación.



Artigo 4. Domicilio

O domicilio da Fundación Rosalía de Castro establécese na casa onde viviu e morreu Rosalía de Castro, hoxe Casa-Museo, situada no lugar da Matanza, parroquia de Santa María de Iria Flavia no concello de Padrón, provincia da Coruña.

Artigo 5. Ámbito de actuación

A Fundación Rosalía de Castro desenvolverá as súas actividades principalmente en Galicia. A Fundación poderá establecer relacións instrumentais con terceiros en diferente ámbito territorial. Verbo do ámbito persoal ou sector de poboación atendida, a súa actuación circunscríbese ás persoas naturais e xurídicas que participaren de actividades relacionadas co obxecto da Fundación.

Título segundo

Obxecto da Fundación

Artigo 6. Fins e actividades fundacionais

Os fins da Fundación Rosalía de Castro son os seguintes:

1. Fomentar o coñecemento actualizado e a conservación da memoria de Rosalía de Castro, do seu esposo Manuel Martínez Murguía e dos seus fillos.
2. Promover o estudo, edición e divulgación da súa vida e obra, da Galicia do seu tempo e da súa influencia posterior.
3. Fomentar e difundir a lingua e a cultura galega.

Para a consecución dos fins mencionados a fundación realizará as seguintes actividades:



03/2022



GT4283104

1. Celebrar actos públicos, cando menos, nas datas conmemorativas de Rosalía: 23 de febreiro, 17 de maio e 15 de xullo.
2. Conservar a casa onde viviu e morreu Rosalía de Castro, a súa horta e xardín e os demais edificios que compoñen o conxunto da Casa-Museo, situada no lugar da Matanza na parroquia de Santa María de Iria no Concello de Padrón e provincia da Coruña.
3. Conservar e ampliar o conxunto dos mobles, pertenzas e recordos persoais de Rosalía; conservar e ampliar a biblioteca, mobiliario, ofrendas e demais obxectos relacionados con Rosalía, así como dispoñelos da mellor maneira para que poidan ser contemplados e estudados por todas aquelas persoas que o desexaren.
4. Coidar do mausoleo de Rosalía de Castro situado na igrexa de San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela, así como da campa que acubillou antes o seu corpo no cemiterio de Adina, na parroquia de Santa María de Iria Flavia no concello de Padrón na provincia da Coruña.

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, ao xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan máis adecuados ou convenientes en cada momento.

Título terceiro

Regras básicas para a aplicación dos recursos ao cumprimento dos fins fundacionais e para determinación dos beneficiarios.

Artigo 7. Destino de rendas e ingresos

- Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o 70 por cento das rendas ou calquera outro ingreso neto que, previa dedución de impostos, obtiver a Fundación, debéndose destinar o resto, deducidos os gastos de administración, a incrementar a dotación fundacional.
 - O prazo para o cumprimento desta obriga será o comprendido entre o inicio do exercicio no que se obtiveren e os catro anos seguintes ao peche do dito exercicio.
3. Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.



Artigo 8. Beneficiarios da Fundación e obrigas informativas

Poderán ser beneficiarios da Fundación as persoas físicas e xurídicas, sen ningunha discriminación, en relación cos fins da Fundación.

A determinación dos beneficiarios efectuarase polo Padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación.

O Padroado dará información suficiente dos fins e das actividades da Fundación a través de páxina web, nos termos sinalados no artigo 27 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego, para que sexan coñecidos polos eventuais beneficiarios e outros interesados.

Título cuarto

Goberno da Fundación

Artigo 9. Natureza

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, que executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos.

Correspóndelle ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar coa dilixencia debida os bens e os dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o seu rendemento e a súa utilidade, así como modificar os Estatutos.

Artigo 10. Composición do Padroado.

O Padroado estará composto, con carácter permanente, por un máximo de trinta membros. Serán membros do Padroado:

A) Un patrón ou patroa das seguintes institucións:

1. A Xunta de Galicia, representada polo conselleiro ou conselleira competente en materia de Cultura.
2. O presidente ou a presidenta do Consello da Cultura Galega.
3. O presidente ou a presidenta da Real Academia Galega.



03/2022



GT4283105

Artigo 11. Regras para a designación de patróns ou patroas

A designación ou substitución dos membros do Padroado farase polo propio Padroado que figure inscrito no Rexistro de Fundacións e por acordo da maioría dos seus membros.

Artigo 12. Duración do mandato

Os Patróns ou patroas exercerán o seu cargo durante catro anos, podendo ser reelixidos por períodos de igual duración.

Os membros sinalados no parágrafo a) do artigo 10 serán elixidos pola institución á que representan e perderán a condición de patrón ou patroa no momento en que a entidade que os designou decida substituílos.

Os integrantes do Padroado que á súa vez fosen membros da Comisión Executiva, que cumpran o prazo establecido de catro anos de duración do seu mandato, poderán continuar nas súas funcións executivas ata o momento de producirse a reelección dos patróns ou patroas.

Artigo 13. Aceptación do cargo de patrón ou patroa e substitución

a) Os patróns ou patroas exercerán as súas funcións despois de aceptar expresamente o cargo no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente, en documento privado coa sinatura lexitimada por notario ou perante o Padroado, acreditándose por certificado expedido polo secretario ou secretaria co visto e prace do presidente ou presidenta e farase constar no rexistro de Fundacións. Tamén poderá aceptar o cargo de Patrón ou patroa por comparecencia ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, a teor do artigo 19 da Lei 12/2006.

b) Producido un cesamento, no prazo máximo de 6 meses o Padroado elixirá a unha persoa para ocupar a vacante. A proposta dun novo membro poderá ser formulada pola Comisión Executiva ou por tres Patróns ou patroas, enviándoa á Secretaría da Fundación, cunha antelación mínima de tres días antes da celebración do Plenario no que será elixido.

c) No caso de cesamento por ter cumprido o mandato para o que foi elixido, será o



4. O director ou a directora do Museo do Pobo Galego.
5. O director ou a directora do Museo de Pontevedra.
6. O director ou a directora do Seminario de Estudos Galegos.
7. O presidente ou a presidenta da Deputación Provincial da Coruña.
8. O alcalde ou a alcaldesa do Concello de Padrón.
9. O alcalde ou a alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela.
10. O reitor ou a reitora da Universidade de Santiago de Compostela.
11. O reitor ou a reitora da Universidade da Coruña.
12. O reitor ou a reitora da Universidade de Vigo.

B) Un mínimo de sete persoas e máximo de 18 persoas naturais de Galicia ou vinculadas a ela que se teñan distinguido pola súa actividade literaria, artística, investigadora, humanística de mecenado ou de especial vinculación á persoa e obra de Rosalía de Castro e ao labor desenvolto pola Fundación.

C) O Padroado poderá nomear membros de honra a persoas físicas ou xurídicas, en virtude de acordo adoptado por maioría absoluta dos seus membros, que presten á Fundación servizos relevantes ou que contribuísen ou contribúan de maneira destacada coa súa actividade á consecución dos obxectivos fundacionais. A Fundación Rosalía de Castro recoñeceu historicamente como membros de honra ao Arcebispado de Santiago, ao Centro Galego de Buenos Aires, á Unión de Sociedades Galegas en Cuba, á Unión de Sociedades Galegas en Uruguai, ao Centro Galego de Madrid e ao Presidente da Real Academia Galega.



03/2022



GT4283106

membro cesado o que formule a súa vontade de reelección por outro mandato de catro anos nun prazo máximo de 15 días despois de ter recibida a notificación do cesamento. A vontade de continuar terá que formularse por escrito ante a Secretaría da Fundación, que dará conta da citada notificación ao Padroado para ser referendada polo plenario, se así o considera.

Artigo 14. Dereitos e deberes dos membros do Padroado

1. Son dereitos dos membros do Padroado:

- * Recibir a convocatoria que conteña a orde do día e asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte.
- * Tomar parte nas votacións.
- * Obter información precisa para o cumprimento das súas funcións.
- * Obter información das contas do Padroado e da súa economía.

2. Son deberes dos membros do Padroado:

- Cumprir e facer cumprir fielmente os fins fundacionais de acordo coa lexislación vixente.
- Administrar os bens e os dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo plenamente o seu rendemento, utilidade e produtividade.
- Asistir ás xuntanzas do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten.
- Desempeñar o seu cargo con lealdade á Fundación.
- Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego

Artigo 15. Cese e suspensión do patrón ou patroa

O cese de Patrón ou patroa da Fundación producirase nos supostos seguintes:



- Morte ou declaración de falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica pola que foi designado.
- Transcurso do período de mandato.
- Decisión da entidade que fixo a súa elección ou cesamento no cargo que nela desempeñaba.
- Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.
- Incumprimento das súas funcións. Neste suposto, o cese farase efectivo coa aprobación previo acordo do Plenario a proposta da Comisión Executiva ou de 3 patróns.
- Resolución xudicial.
- Renuncia comunicada coas debidas formalidades.

A renuncia ao cargo de patrón ou patroa poderá facerse por calquera dos medios e cos trámites previstos para a aceptación e deberá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.

- A substitución, cesamento ou suspensión do patrón ou patroa inscribírase no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 16. Organización do Padroado

O Padroado designará de entre os seus membros:

- Un presidente ou presidenta.
- Un vicepresidente ou vicepresidenta.
- Un tesoureiro ou tesoureira.
- Un secretario ou secretaria.

Artigo 17. O presidente ou a presidenta

O Padroado elixirá un presidente ou unha presidenta entre os seus membros. Correspóndelle propoñer o plan de actividades, acordar a convocatoria das reunións do Padroado, presidilas, ordenar ao tesoureiro a realización de cobros e ingresos, dirixir os seus debates e, no seu caso, executar os acordos, estando facultado para realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios a tal fin. Ao presidente correspóndelle exercer a representación da fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidade públicas e privadas. Tamén dependerá do presidente



03/2022



GT4283107

ou presidenta o Departamento de Laboral e de Recursos Humanos.

Terá un mandato de catro anos podendo ser reelixido. Producida a vacante no cargo, ocupará o seu lugar o vicepresidente ou a vicepresidenta.

No prazo máximo dun mes, os aspirantes á Presidencia presentarán na Secretaría as candidaturas cos nomes das persoas que constituirán a Comisión Executiva e os seus programas de goberno, comunicación que recibirán os patróns ou patroas canda a convocatoria do Plenario que debe efectuar a elección. Esta non tardará en se celebrar máis de dous meses unha vez producida a vacante.

O presidente ou a presidenta terá voto de calidade para dirimir os empates que puidesen producirse nas votacións que se realicen no Plenario e na Comisión Executiva.

Artigo 18. O vicepresidente ou a vicepresidenta

O Padroado elixirá, entre su membros, un vicepresidente ou unha vicepresidenta a proposta do presidente ou da presidenta. Corresponderá ao vicepresidente ou a vicepresidenta realizar as funcións do presidente ou presidenta nos casos de vacante, ou ausencia ou enfermidade deste, podendo actuar tamén en representación da Fundación naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado. A duración no cargo será de catro anos podendo ser reelixido.

Artigo 19. O secretario ou a secretaria

O Padroado elixirá entre os seus membros un secretario ou unha secretaria a proposta do Presidente ou presidenta. Son funcións do secretario ou secretaria convocar as reunións do Padroado acordadas pola Presidencia e realizar as correspondentes citacións aos membros, custodiar a documentación pertencente á Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado e da Comisión Executiva e transcribilas no libro de actas, expedir as certificacións e informes que sexan necesarios en relación cos acordos adoptados polo Padroado co visto e prace do presidente ou da presidenta, asistir ás reunións do Padroado, con voz e voto se forma parte del ou só con voz en caso contrario, e realizar todas aquelas cousas que expresamente deleguen nel.

No caso de estar vacante ou por ausencia ou por enfermidade, exercerá



estas funcións de secretario ou secretaria o vogal ou a vogal de menor idade do Padroado ou, se é o caso, da Comisión Executiva. A duración do cargo de secretario ou secretaria será de catro anos podendo ser reelixido.

Artigo 20. O tesoureiro ou a tesoureira

O Padroado elixirá entre os seus membros un tesoureiro ou unha tesoureira a proposta do presidente ou da presidenta, ao que lle corresponde levar os libros de contas e, en xeral, exercitar a administración económica da Fundación e a realización dos inventarios xerais dos bens e dereitos que forman a patrimonio da Fundación. O tesoureiro ou a tesoureira ten a facultade de facer os cobros e os pagos, previa orde do presidente ou presidenta, e responde da contabilidade e dos seus xustificantes.

Previo acordo do Padroado, pode operar coa banca privada e oficial e coas caixas de aforro, realizando todas as actuacións que a lexislación e a práctica bancaria permiten: manter, abrir, dispoñer e cancelar nas citadas institucións todo tipo de contas correntes, de aforro ou de crédito e asinar cheques e outros documentos, así como solicitar saldos e confirmalos ou imputalos. O tesoureiro ou a tesoureira está na obriga de presentar as contas cando se celebre reunión da Comisión Executiva ou do Plenario a instancia do presidente ou da presidenta. A duración do mandato será de catro anos podendo ser reelixido.

Artigo 21. A Comisión Executiva

No seo do Padroado existirá un órgano colexiado que se chamará Comisión Executiva. É o órgano executivo ordinario da Fundación que poderá adoptar acordos por razón de urxencia, dos que deberá dar conta ao Padroado, coas limitacións que para determinadas delegacións se conteñen no artigo 18 da Lei 12/2006, e asumir as delegacións que o Padroado lle encomende.

A Comisión Executiva estará formada por: o presidente ou a presidenta do Padroado, o vicepresidente ou a vicepresidenta do Padroado, o secretario ou a secretaria do Padroado, o tesoureiro ou a tesoureira Padroado e tres vogais, elixidos polo Padroado, a proposta do presidente ou da presidenta.

O cesamento de calquera membro da Comisión Executiva producirase nos supostos de morte ou declaración de falecemento, renuncia comunicada coas debidas formalidades, por decisión do Padroado, polo transcurso do período de mandato ou



03/2022



GT4283108

por incumplimento das súas funcións.

A Comisión Executiva reunirase tantas veces como sexa preciso para o adecuado desenvolvemento da Fundación, facéndoo, cando menos, cada tres meses. A convocatoria farase por orde do presidente ou presidenta ou por solicitude razoada da metade dos seus membros. Notificarase cun prazo mínimo de cinco días naturais antes da xuntanza. Na mesma farase constar o lugar, día e hora da celebración da reunión e irá acompañada da orde do día.

Non será preciso convocatoria previa cando se encontren presentes todos os membros da Comisión Executiva e acorden por unanimidade a celebración da reunión.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos seus membros. No caso de empate, o voto do presidente ou da presidenta será dirimente. O secretario ou a secretaria levantará acta das xuntanzas da Comisión Executiva, que levará o visto e prace do presidente ou da presidenta e constará no Libro de Actas. A duración do mandato dos membros da Comisión Executiva será de catro anos podendo ser reelixidos.

No suposto de que se produza unha vacante na Comisión Executiva por razóns distintas ao cumprimento do mandato para o que se foi elixido, corresponderá ao presidente ou a presidenta nomear a persoa substituta, decisión que deberá ser referendada polo Plenario. Son funcións da Comisión Executiva: a conservación dos fondos artísticos e documentais e a súa exposición de acordo coas normas técnicas e museísticas máis axeitadas, así como a preparación dos libros, catálogos, guías e demais documentos relacionados cos fondos da Casa-Museo.

Artigo 22. Facultades do Padroado

Na súa actuación o Padroado deberase axustar ao preceptuado na lexislación vixente e ao disposto nestes estatutos.

Corresponde ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade.

Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes Estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ao Protectorado da



Consellería con competencias en materia de cultura, a título meramente enunciativo serán facultades do Padroado:

- * Exercer o goberno, a representación, a inspección, a vixilancia e a orientación da Fundación.
- * Interpretar e desenvolver os presentes Estatutos e, se é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- * Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da Fundación.
- * Acordar a apertura e o peche dos seus centros, oficinas e delegacións.
- * Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes, así como a revogación dos mesmos.
- * Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao Protectorado da Consellería con competencias en materia de cultura.
- * Delegar as súas facultades nun ou máis patróns ou patroas, sen que poidan ser obxecto de delegación:
 - A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.
 - A modificación dos Estatutos.
 - O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
 - Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do Protectorado da Consellería con competencias en materia de cultura.

Artigo 23. Reunións do Padroado e convocatoria

O Padroado reunirse, polo menos, unha vez ao ano e tantas veces coma sexa preciso para o adecuado desenvolvemento da Fundación. Corresponde ao presidente ou á presidenta convocar as reunións do mesmo. Tamén poderá reunirse cando o solicite, cando menos, o 50 por cento dos seus membros.

A convocatoria farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con cinco días naturais de antelación á data de celebración, utilizando calquera procedemento, incluídos os medios informáticos, electrónicos ou telemáticos que permitan deixar constancia da súa recepción. Na mesma farase constar o lugar, día e hora da celebración da reunión e irá acompañada da orde do día.

Non será preciso convocatoria previa cando se encontren presentes todos os patróns e patroas e acorden por unanimidade a celebración da reunión.



03/2022



GT4283109

Os patróns ou as patroas que non poidan asistir poderán delegar o seu voto noutro membro do Padroado, facéndoo chegar á Secretaría da Fundación, cando menos, vinte catro horas antes da celebración da xuntanza.

Artigo 24. Forma de deliberar e tomar acordos

As reunións do Padroado entenderanse validamente constituídas cando estean presentes ou representados, polo menos, a metade máis un dos seus membros. Os acordos, que serán inmediatamente executivos, tomaranse por maioría absoluta de asistentes e será dirimente, en caso de empate, o voto do presidente ou da presidenta.

Será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes, sempre que, ademais, supoña maioría absoluta do número dos seus membros, para a adopción dos acordos en que así sexa establecido expresamente pola Lei de Fundacións de Interese Galego e a súa normativa de desenvolvemento.

Das reunións do Padroado o secretario ou a secretaria levantará acta, que deberá ser subscrita e aprobada polos membros presentes nas mesmas. Esta transcribirase no correspondente Libro de Actas e será asinada polo secretario ou secretaria co visto e prace do presidente ou presidenta. No suposto de que algún membro dos presentes na reunión non estivese de acordo co aprobado, debera facer constar o seu voto en contra para quedar exento de responsabilidade.

Artigo 25. Responsabilidades dos patróns ou patroas

Son obrigas dos patróns ou patroas facer que se cumpran os fins da Fundación, asistir ás reunións ás que sexan convocados, desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal, manter en bo estado de conservación e produción os bens e valores da Fundación e cumprir nas súas actuacións co determinado nas disposicións legais vixentes e nos presentes Estatutos.

Os patróns e patroas responderán fronte á Fundación solidariamente, como dispón o artigo 22 da Lei 12/2006, dos danos e prexuízos que causen polos actos contrarios á Lei ou aos Estatutos, ou polos realizados negligentemente.

Quedarán exentos de responsabilidade os que voten en contra do acordo e os que proben que, sen intervir na súa adopción e execución, descoñecían a existencia deste ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se



opuxeron expresamente a aquel.

Artigo 26. Retribucións

Os patróns e as patroas exercerán o seu cargo gratuitamente, sen que en ningún caso poidan percibir retribución polo desempeño da súa función, coa excepción que recolle o artigo 23.2 da Lei 12/2006 sobre retribucións dos patróns e das patroas que realicen servizos distintos dos que lles corresponden como membros do Padroado.

Os patróns e patroas terán dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione.

Título quinto

Réxime económico

Artigo 27. Patrimonio fundacional

O patrimonio da Fundación estará integrado: Pola dotación inicial, composta polos bens transmitidos polo Padroado Rosalía de Castro e que se compón de:

* A Casa-Museo de Rosalía, auditorio, arquivo, edificio anexo denominado Centro de Estudos Rosalíanos, sala de xuntas e almacén, aseo, cuarto de caldeiras e horta, situados no lugar da Matanza na parroquia de Santa María de Iria Flavia no concello de Padrón, provincia da Coruña, todo co seu equipamento e contido, mobiliario, libros e documentos, segundo se recolle na escritura de transmisión do Padroado á Fundación.

* O mausoleo do Rosalía de Castro, situado na Igrexa de San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela, así como a campa que acubillou antes o seu corpo no cemiterio de Adina, na parroquia de Santa María de Iria Flavia no concello de Padrón, provincia da Coruña

* Todos os outros bens transmitidos polo Padroado Rosalía de Castro, recollidos na escritura de transmisión.



03/2022



GT4283110

* Calquera outro ben ou dereito que no sucesivo adquira a Fundación a título oneroso ou gratuito de entidades públicas e de particulares, en especial subvencións, doazóns, herdanzas ou legados con carga, previos os trámites que sinalen as leis.

3. Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación e constar no seu inventario, que revisará e aprobará anualmente o Padroado, e depositaranse no rexistro de Fundacións. Os que sexan susceptibles de inscrición, inscribiranse nos rexistros correspondentes. Os fondos públicos e valores mobiliarios deberán depositarse ao seu nome nos establecementos financeiros.

Artigo 28. Adscrición do patrimonio fundacional

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que se produzan, quedarán vinculados dunha maneira directa e inmediata ao cumprimento dos fins que persegue a Fundación, nos termos establecidos na Lei de Fundacións de Interese Galego e nestes estatutos.

Poderán adscribirse ao patrimonio fundacional bens e dereitos, sen que isto implique a transmisión de dominio. Esta clase de bens e dereitos deberán figurar no balance da entidade polo seu valor de cesión debidamente separados daqueles que fosen adquiridos ou se adquirisen no exercicio da actividade da Fundación e, polo tanto, deben estar incorporados ao seu patrimonio. A Fundación non poderá alienar nin dar de baixa ningún elemento ou equipo que figure en réxime de cesión sen obter a autorización dos órganos que llo adscribisen.

Artigo 29. Do financiamento

A Fundación para o desenvolvemento das súas actividades financiarase cos recursos que proveñan de:

1. Os rendementos do seu patrimonio.
2. As achegas económicas dos seus patróns ou patroas e, no seu caso, aquelas outras procedentes de axudas, subvencións e doazóns aceptadas, e, en especial, as procedentes de iniciativas de mecenado e patrocinios que reciba a Fundación de persoas ou entidades, tanto públicas coma privadas, nos termos establecidos no artigo 7 dos presentes Estatutos.
3. Os ingresos procedentes da prestación de servizos e actividades aos seus



beneficiarios, na forma e cos requisitos establecidos no artigo 34 da Lei 12/2006 de Fundacións de Interese Galego; é dicir:

- a. Non desvirtúen o interese xeral para a comunidade autónoma.
- b. Non sexan contrarios á vontade fundacional.
- c. Non impliquen unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.

4. Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo nos termos establecidos nos presentes Estatutos na lexislación vixente.

5. Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

6. Calquera outro no marco legal aplicable.

Artigo 30. Réxime financeiro

Na xestión económico-financieira a Fundación rexerese polos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

A Fundación levará aqueles libros que sexan convenientes para a boa orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da contabilidade, recollidos no artigo 36.1 da Lei 12/2006. Será en todo caso necesario formular e levar os seguintes libros e documentación:

- a) Libro de actas.
- b) Libro de inventarios.
- c) Libro de contas anuais.
- d) Libro diario.

O exercicio económico coincidirá co ano natural.



03/2022



GT4283111

Artigo 31. Contas anuais e plan de actuación

A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade que permita o seguimento cronolóxico das actuacións realizadas. Para iso contará cun libro diario e un libro de inventarios e contas anuais.

As contas anuais comprenden o balance, a conta de resultados e unha memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser elaborados seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan Xeral de Contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

As contas anuais serán formuladas polo órgano de goberno da entidade, o cal responderá da súa veracidade. Deberán ser aprobadas polo Padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico e presentaranse ante o Protectorado da Consellería con competencias en materia de cultura no prazo de vinte días hábiles seguintes ao da súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Nos casos en que as contas anuais se sometan a auditoría, serán formuladas dentro dos tres (3) primeiros meses seguintes ao día do peche do exercicio. Neste caso presentarase, xunto coa documentación contable, o informe de auditoría correspondente.

O Padroado aprobará e remitirá ao Protectorado da Consellería con competencias en materia de cultura, nos últimos tres meses de cada exercicio un plan de actuación, no que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, xunto coa previsión de ingresos e gastos e unha memoria explicativa del. Este plan será depositado no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 32. Réxime do persoal.

O réxime xurídico do persoal da Fundación será de carácter laboral, coas garantías que establecen para este efecto o Estatuto dos Traballadores e demais normas laborais.



Título sexto

Da modificación, fusión ou extinción

Artigo 33. Modificación dos Estatutos

Por acordo do Padroado, poderán ser modificados os presentes Estatutos, sempre que resulte conveniente aos intereses da Fundación e se cumpran os requisitos esixidos no artigo 41 da lei 12/2006 de Fundacións de Interese Galego. A modificación ou nova redacción dos Estatutos acordada polo Padroado remitirase ao Protectorado da Consellería con competencias en materia de cultura, en cumprimento do artigo 41 da lei 12/2006, para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 34. Fusión con outra Fundación e escisión

O Padroado poderá propoñer ao Protectorado da Consellería con competencias en materia de cultura a fusión da Fundación con outra, previo acordo concertado entre ambas. O acordo de fusión esixirá o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 42 da Lei 12/2006 de Fundacións de Interese Galego. O acordo de fusión deberá ser aprobado co voto de, cando menos, as tres cuartas partes dos membros do Padroado. O Padroado poderá aprobar a escisión de parte da Fundación nos termos e cos requisitos legalmente establecidos.

Artigo 35. Extinción da Fundación

A Fundación extinguirase polas causas e os procedementos establecidos na lexislación vixente.

Artigo 36. Liquidación e adxudicación do patrimonio

No caso de extinción, aos bens daráselles o destino que o Padroado determine, de acordo co ordenado na lexislación vixente, que implica que os bens e dereitos resultantes se destinarán ás fundacións ou ás entidades non lucrativas, privadas ou públicas, que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, incluso para o suposto de disolución, á consecución daqueles, e que estean consideradas como entidades beneficiarias do mecenado, ou á entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral. Corresponde ao Padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.



03/2022



GT4283297

Cláusula adicional

En todo caso, o previsto nos presentes Estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ao Protectorado da Consellería con competencias en materia de cultura lle atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións, ás que a Fundación expresamente se somete.



É COPIA literal da súa matriz, coa que concorda e na que queda anotada. E, a instancia da "**FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO**", expídoa en quince folios de papel exclusivo para documentos notariais da serie GT, números 4283296, 4283099, os doce seguintes en orde correlativa e 4283297, non sendo todos eles correlativos por problemas técnicos no proceso de reprodución. PADRÓN ao seguinte día da súa autorización. DOU FE.-----



REXISTRO DE FUNDACIÓNS DE INTERESE GALEGO

Sección correspondente á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades:

Dilixencia: Nesta data procédese á inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da modificación dos estatutos da FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO, inscrita neste Rexistro co número 1997/1.

A presente escritura é complementaria dunha anterior ante a mesma notaria.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022

O xefe de Sección de Fundacións

Juan Carlos Noya Paredes

